



Concello de Vigo

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DO CONCELLO DE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS DA COMPETENCIA DO PLENO. EXPTE. 1727/110 (EXPTE. PLENO 3932/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 18 de xullo de 2023, a Alcaldía emite a seguinte proposta,

"Como consecuencia da nova Corporación xurdida das eleccións locais de 28 de maio, de conformidade co previsto no artigo 38.c) do RD 2568/1986, do 27 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Pleno do Concello ten que resolver sobre o nomeamento de *membros da Corporación* nos órganos colexiados que sexan da competencia do Pleno.

O Acordo regulador de condicións económicas e sociais dos Funcionarios do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno en sesión de data 28 de decembro de 1998, menciona no seu artigo 4 á **COMISIÓN PARITARIA DE SEGUIMENTO DO CONVENIO** que ten como funcións, entre outras, a vixilancia e seguimento do cumprimento do acordo/convenio e a interpretación dos seus preceptos, o mesmo artigo advirte que estará integrado por un máximo de cinco *membros representantes da Corporación* e outros cinco a designar polos sindicatos que teñan representación no Concello. Procede, en consecuencia, efectuar a designación dos *membros representantes da Corporación*.

O Acordo regulador de condicións económicas e sociais dos Funcionarios do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno en sesión de data 28 de decembro de 1998 menciona no seu artigo 42 á **COMISIÓN PARITARIA DE FORMACIÓN** que ten como funcións, entre outras, a elaboración, programación e seguimento dos plans de formación e a proposta dos cursos de capacitación que considere precisos en cada servizo, o mesmo precepto advirte que, baixo a Presidencia do Alcalde ou concelleiro no que delegue, a Comisión intégrase por catro *representantes do Concello* dunha parte e, doutra, por outros catro do persoal, procede, en consecuencia, efectuar a designación dos *representantes do Concello*.

En similar sentido pronúnciase o Convenio Colectivo dos empregados integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo aprobado polo Pleno en sesión de data 28 de decembro de 1998.

En virtude da normativa exposta propónse o Pleno a adopción dos seguintes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/05/2026 10:56	Páxina 1 de 3
1727-110	CSV: AEBCB6-B25HA8-55D8CA-MVCRQR-864WE5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

acordos:

Primeiro. Designar como *membros representantes da Corporación* na **COMISIÓN PARITARIA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO a proposta de Alcaldía** ós seguintes Concelleiros/as.

Titulares:

D^a. Patricia Rodríguez Calviño.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D. Carlos López Font.

Suplentes:

D^a. Elena Espinosa Mangana.
D. Jaime Aneiros Pereira.
D^a. Yolanda Aguiar Castro.
D. Abel Losada Álvarez.

Segundo. Designar como *representantes do Concello* na **COMISIÓN PARITARIA DE FORMACIÓN a proposta de Alcaldía** ós seguintes Concelleiros/as:

Titulares:

D^a. Patricia Rodríguez Calviño.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D. Carlos López Font.

Suplentes:

D^a. Elena Espinosa Mangana.
D. Jaime Aneiros Pereira.
D^a. Yolanda Aguiar Castro.
D. Abel Losada Álvarez.

Terceiro. Dar traslado deste acordo á Área de Recursos Humanos e formación I"

DITAME. A Comisión Informativa de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal na súa sesión ordinaria do 24 de xullo 2023, ditaminou favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación aprobou a proposta de nomeamento de membros da Corporación en órganos colexiados da competencia do Pleno.

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e praxe do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo á data da sinatura



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/05/2026 10:56

Páxina 2 de 3

1727-110

CSV: AEBCB6-B25HA8-55D8CA-MVCRQR-864WE5-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

dixital.
am

Vº e Pr.
O ALCALDE,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/05/2026 10:56	Páxina 3 de 3
1727-110	CSV: AEBCB6-B25HA8-55D8CA-MVCRQR-864WE5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		